



Concello de Mugardos
(A Coruña)

CONCELLO DE MUGARDOS

ANUNCIO

APROBACIÓN LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS E DESIGNACIÓN DE TRIBUNAL DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA EXCEPCIONAL DE CONCURSO, EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, PRAZA TRABALLADOR/A SOCIAL, XORNADA COMPLETA.

D. José Miguel Mahía Prados, Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 2023-0615, de data 26.06.2023), pola Resolución da alcaldía núm. 2024-0417, de data 11.04.2024, resolveu:

Primeiro.- Estimar as reclamacións presentadas polas persoas aspirantes que de seguido se relacionan, tal e como se indica de seguido:

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DA ESTIMACIÓN
ABAD ISLA, ADELAIDA FÁTIMA	***4554**	-Ter acreditado o dereito á exención de pago de dereitos de exame

Segundo.- Prestar aprobación á listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, da seguinte maneira:

APELIDOS E NOME	DNI	ADMITIDOS/AS=A EXCLUÍDOS/AS=E	CAUSA DE EXCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS
RÍOS PAZ, MARÍA ISABEL	***3077**	A		
ABAD ISLA, ADELAIDA FÁTIMA	***4554**	A		
PARDO GUILLÁN, ARÁNZAZU	***3379**	A		
DOCANTO ALONSO, MARGARITA	***4965**	A		
ZAS CASTRO, MARIA MANUELA	***5357**	A		

Códigos causa exclusión:

- (1) Non aporta Titulación Académica requerida na base 4 letra c). das bases específicas do proceso de estabilización polo sistema excepcional de concurso, en execución da oferta de emprego público do ano 2022, praza traballador/a social, a xornada completa
 - (2) Non aporta documento nacional de identidade ou documentación equivalente
 - (3) Non aporta documento de transferencia ou ingreso acreditativo de ter ingresado os dereitos de exame establecidos na base 7ª das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización de emprego temporal polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso oposición.
 - (4) Non acredita o dereito á exención de pago de dereitos de exame, no caso daqueles persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% deberán presentar certificado de minusvalía e no caso de aquelas persoas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria das probas
- Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

selectivas deberán presentar certificación expedida polo Servizo Público de Emprego correspondente.
(5) Non ter acreditado atoparse en situación de incapacidade recoñecida polo INSS que non sexa invalidante en grao absoluto que teña reserva do posto e a incapacidade sexa revisable.

Terceiro.- Designar o Tribunal cualificador que xulgará o proceso selectivo, que estará integrado da seguinte maneira:

Presidente/a:

Titular: Federico Suárez Cancelo, funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, secretario do Concello de Oroso

Suplente: Adrián Marques Caramés, funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, secretario do concello de Betanzos

Secretario/a:

Titular: Paula E. Ramos Díaz funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional, secretaria do concello de Mugardos

Suplente: Paula Díaz Tíe, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional, secretario do concello de As Somozas

Vogais:

Vogal 1:

Titular: Marina Núñez Orjales, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional, secretario do concello de As Pontes

Suplente: Loreto López Fernández, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter nacional, secretario do concello de Malpica.

Vogal 2:

Titular: Diego Rodríguez Piñón, Traballador Social do concello de Cerdido.

Suplente: Francisco Couceiro Faraldo, Traballador Social do concello de Irixoa

Vogal 3:

Titular: Katia Rouco Corral, Traballadora Social do concello de As Pontes

Suplente: Celia María Freire Vega, Traballadora Social do concello de As Pontes

Persoal colaborador do Tribunal:

Diego Seijo Alonso, funcionario do Concello de Mugardos.

Os/as interesados poderán promover a recusación dos membros do tribunal de acordo co sinalado no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Contra o acordo de aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, definitivo en vía administrativa, poderán as/os interesadas/os interpoñer, con carácter potestativo, o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Mugardos con acceso

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

<https://mugardos.sedelectronica.gal/info.8> e na sección de emprego do portal da transparencia (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/02f34628-bd6d-4e8d-9312-e80e7a227874/>). Si se interpón o recurso de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ó de aquel no que se produza o acto presunto.

Non obstante, poderase impugnar directamente o presente acto ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo. A tal efecto poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación da presente, ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Ferrol.

Así mesmo, poderase interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

Asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Urbnismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, D. José Miguel Mahía Prados, en data 11 de abril de 2024.

